ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE MASIDE DUN TREITO ANTIGO DA N-541, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, José Manuel Iglesias Araújo, na súa condición de alcalde do Concello de Maside, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Maside solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a cesión da titularidade dun treito da rúa Ourense (treito antigo da N-541) comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+220, logo de executadas pola propia Axencia as actuacións incluídas no proxecto técnico denominado "*Senda peonil e mellora de accesibilidade na rúa Ourense (antiga N-541a)*".

Este treito carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Por outra banda, o acordo asinado con data 27/02/2015 entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia delimita as funcións de conservación nas conexións viarias entre as redes de estradas de titularidade estatal e autonómica. Neste acordo figuran os planos de delimitación das zonas de conservación entre as dúas Administracións titulares, polo que con respecto ao nó viario entre a actual N-541 coas estradas autonómicas AG-54 (rotonda), OU-504 (enlace) e treitos antigos da N-541 (rúa Ourense e variante Fontela), despois da sinatura deste acta de entrega, a Xunta de Galicia deixará de ser titular deste treito antigo da N-541 (rúa Ourense), polo que as

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KaJSRhMVD6n8 https://sede.xunta.gal/cve

labores de conservación pasarán a ser competencia do Concello de Maside.

Mediante o Decreto 38/2026, do 27 de abril, (DOG núm.89 do 15 de maio de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Maside do treito antigo da N-541, xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 38/2026 , a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia,* mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o seguinte cambio de titularidade a favor do Concello de Maside do treito antigo da estrada N-541 de titularidade autonómica, xunto co seu dominio público viario:

Denominación	Inicio treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m^2)
Treito antigo da N-541 «Rúa Ourense»	PQ 0+000 (en N-541)	x = 577.018 y = 4.697.737	PQ 0+152 (Límite concello	x = 576.878 y = 4.697.794	152	2.094


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde do Concello de Maside, José Manuel Iglesias Araújo

ANEXO I . PLANOS


As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KaJSRhMVD6n8 https://sede.xunta.gal/cve



As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KaJSRhMVD6n8 https://sede.xunta.gal/cve

UTM ETRS89 huso29

Cartografía IGN © INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA



Asinado por: BORRAJO SANCHEZ, YAGO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 29/10/2026 14:17:15

Asinado por: IGLESIAS ARAUJO, JOSE MANUEL
Cargo: ALCALDE CONCELLO DE MASIDE (CONCELLO DE MASIDE)
Data e hora: 29/10/2026 13:08:48

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KaJSRhMVD8n8 https://sede.xunta.gal/cve